

Belindia: como afrontar o reto da desigualdade en América Latina?

Alfredo Toro Hardy

Algúns economistas brasileiros referíronse ao seu país co gracioso nome de “Belindia”, isto é, unha mestura de Bélxica e a India. Mentres un pequeno número de estados no Sueste do Brasil dispón do ímpeto económico de Bélxica, o resto da nación evidencia niveis de pobreza similares aos da India. De feito, a India mesma é o mellor expoñente deste tipo de dicotomía, cunha parte do país lanzado á vangarda da economía dos servizos e outra parte sumida na miseria. Con todo, esta imaxe de Belindia resulta o suficientemente ilustrativa como para recorrer a ela.

Sen alcanzar a prosperidade do Sueste do Brasil, a maioría dos países latinoamericanos reproducen esta dualidade: algúns poucos enxames e nichos económicos competitivos, levando ao lombo unha inmensa carga de subdesenvolvemento e pobreza. A globalización, desde logo, non fixo máis que afianzar en grao extremo estas dicotomías, brindando inserción internacional a uns poucos enxames e nichos dinámicos, e ameazando con borrar do mapa sectores produtivos enteiros.

Christopher Patten (2004), comisionado de Asuntos Exteriores da Unión Europea dábanos unha boa idea do tamaño da India, dentro da Belindia latinoamericana, ao sinalar: “*Nunha escala de 0 a 100, onde 100 representa o punto de desigualdade total, América Latina alcanza unha puntuación de 53,9, moito máis alto que a media mundial (38), e ata máis alto que África. O Banco Mundial estima que o 10% da poboación máis rica recibe o 48% do ingreso total, mentres que o 10% máis pobre recibe apenas o 1,6%*”⁽¹⁾. Non resulta sorprendente, xa que logo, que a historia política da rexión se teña visto caracterizada por fortes crises de gobernabilidade, confrontacións sociais e sacudidas políticas.

A grande pregunta a formular é como debe afrontarse o reto exposto por esta dicotomía. Debe salientarse o crecemento de Bélxica sobre a premisa de que o goteo de alí resultante terminará por encher a piscina social baleira que simboliza India? Ou, pola contra, debe darse prioridade ao desenvolvemento de India, sobre a base de que só o crecemento de baixo cara arriba terminará por superar a fenda e por estruturar á sociedade no seu conxunto?

A lóxica da globalización apunta na primeira dirección. De acordo con esta, os capitais tenden a fluír cara a aqueles países que lles garantan unha maior suma de incentivos. Baixo estas condicións, os investimentos envorcados sobre un país tenden a dinamizar o conxunto da súa economía, ben sexa de xeito directo ou indirecto.

(1) *Speech of Commissioner Patten at Canning House Dinner*; London, 4 de febreiro de 2004, páxina 3.

De xeito indirecto, precisamente por intermedio da tese do goteo. Un goteo, segundo se di, con capacidade para encher a piscina social baleira.

Na práctica, con todo, as cousas funcionan de xeito moi distinto. O feito de que haxa moitos máis países que capitais dispoñibles para o investimento, obriga a que estes compitan entre si para atraer os investidores. Dentro deste ambiente os Estados vense obrigados a espirse de atributos nunha auténtica competencia por ver cal queda antes ao espido. A final de contas, a menor Estado, maiores incentivos para o investimento.

Resulta inevitable, con todo, que con cada peza de vestir da que se vai desprendendo o Estado, vaian quedando desasistidos sectores diversos da sociedade. Este “*strip tease*” estatal só pode efectuarse a expensas dunha alto nivel de tensión social e de conflito político.

Agora ben, para resultar atractivo aos investimentos non chega con facer concesións en materia de pezas de vestir. É necesario, tamén, gozar de estabilidade política e social. Quen desexa colocar o seu diñeiro nunha sociedade determinada polo conflito e a incerteza? Defínese así unha dinámica circular segundo a cal as concesións necesarias para atraer o capital son susceptibles de xeraren desaxustes que aparelan inestabilidade política e incremento da criminalidade, desaxustes estes que ese mesmo capital non está disposto a aceptar.

En definitiva, só as nudeces son atractivas. O problema é que con frecuencia causan pulmonía. De aquí a natureza implacable do proceso: non chega con saber facer “*strip tease*”, é necesario tamén ser resistente á pulmonía. Trátase dun típico caso de selección natural do máis apto. Se algún Estado enferma como resultado das esixencias que se lle formulan, simplemente é refugado. Só os que sobrevivian as sucesivas probas expostas merecerán a atención do capital investidor. Os demais pasarán a formar parte das especies en extinción. Especies xeneticamente débiles que non merecían sobrevivir nun mundo competitivo.

Por cada Estado que colapse no proceso haberá outros que pasen as probas e mentres o número de países resulte maior que o dos capitais dispoñibles, non haberá trabas para o adecuado funcionamento do sistema. Finalmente, que importa que a grande maioría dos países latinoamericanos queden fora do xogo, mentres a China, a India, o Brasil, o México e uns poucos máis poidan responder ao reto exposto. Só a China, vale máis que unha vintena de nacións colapsadas.

O Consenso de Washington foi a mellor expresión da tese do goteo en América Latina. Desde finais dos anos oitenta e ao longo dos noventa, a rexión transformouse en espazo de aplicación privilexiada das súas políticas. O Consenso veu transformarse no símbolo máis visible da ideoloxía neoliberal en boga, asumindo a forma dun receptor didáctico, concreto e aparentemente infalible.

Dentro do seu decálogo de normas atopábanse algunhas como a austeridade fiscal, a liberalización comercial, a privatización, a desregulamentación, a redución do gasto público, a disciplina fiscal, etc. En condicións de laboratorio case perfectas e baixo a constante supervisión do Fondo Monetario Internacional, América Latina

pareceu transformarse en lugar de privilexio para xerar o círculo virtuoso proclamado pola Economía de Mercado. Isto é, atracción de investimentos, crecemento económico, goteo resultante deste crecemento e melloramento das condicións de vida da poboación en xeral.

O problema desa formulación, como ben apunta o Premio Nobel de Economía Joseph Stiglitz foi o seguinte: *“As políticas do Consenso de Washington prestan pouca atención aos temas da distribución ou da equidade. Moitos dos seus propoñentes argumentan que o mellor xeito de axudar os pobres é facendo que a economía creza. Cren na economía do goteo. Ao final, arguméntase, os beneficios do goteo terminan chegando aos pobres. Isto, máis que unha simple crenza transformouse nun dogma de fe. O pauperismo creceu na Inglaterra do século XIX a pesar de que o país no seu conxunto prosperou. O crecemento económico nos Estados Unidos durante a década dos oitenta brindou un dos exemplos dramáticos máis recentes: mentres a economía creceu, os que se atopaban no fondo viron declinar os seus ingresos... Se isto non funcionou nos Estados Unidos, por que habería de funcionar en países en vías de desenvolvemento?”*⁽²⁾.

Os custos sociais foron xigantescos, pero houbo polo menos crecemento económico? O propio Stiglitz responde esa pregunta: *“Na maioría de América Latina, logo dun breve crecemento a comezos dos noventa, implantouse a estagnación e a recesión. O crecemento non foi sostido, algúns dirían que non era sostible. Efectivamente, o nivel de crecemento do chamado período post reforma non loce mellor e, nalgúns casos, resultou moito peor que no período de substitución de importacións que antecedeu as reformas (cando os países recorreron a políticas proteccionistas para resgardar as súas industrias domésticas fronte as importacións), correspondente aos anos cincuenta e sesenta. A media da taxa de crecemento anual da rexión nos noventa, logo das reformas, foi de 2,9%, o que representa menos da metade do 5,4% predominante nos sesenta... As reformas do Consenso de Washington expuxeron os países a grandes riscos e estes riscos deberon ser soportados de xeito desproporcionado por quen se atopaban menos preparados para enfrontalos”*⁽³⁾.

Non en balde a conclusión de Stiglitz con relación ao Consenso de Washington e a América Latina: *“O crecemento baixo a liberación é apenas a metade do que foi baixo o antigo réxime previo á reforma... o desemprego creceu en tres puntos porcentuais; a pobreza (medida a un baixo nivel de ingresos de só US\$ 2,00 por día) aumentou ata como porcentaxe da poboación. Cando o crecemento se produciu, os beneficios só alcanzaron aqueles que se atopan na escala alta da distribución do ingreso”*⁽⁴⁾. Segundo Rubens Ricupero, secretario xeral da UNCTAD, a liberación das nosas economías baixo as políticas do Consenso de Washington produci-

(2) *Globalization and its Discontents*, London, W.W. Norton and Company, páxina 78.

(3) *Idem*, páxinas 86 e 87.

(4) *The Roaring Nineties: Seeds of Destruction*, London, Allen Lane, 2003, páxinas 230 e 231.

ron un incremento de vinte millóns de pobres unicamente entre 1997 e 2003, ben como unha “desindustrialización prematura” de América Latina, que veu acompañada pola incapacidade dos sectores económicos emerxentes de asumir o oco xigantesco en empregos deixado pola mesma⁽⁵⁾.

Así as cousas, a idea de que India poida crecer mediante o goteo resultante do crecemento de Bélxica é unha falacia. Falacia non só porque tal goteo non se produce, senón tamén porque baixo as chamadas políticas de crecemento propiciadas polo Consenso de Washington, tal crecemento é no mellor dos casos pírrico. No entanto, aínda asumindo tanto que o crecemento económico como o goteo tivesen lugar efectivamente, a pregunta é se os habitantes de India, terían a paciencia suficiente para aguantar anos e anos baixo a nudez de Estado que requiren estas políticas.

A experiencia empírica e o senso común demostran que o suposto crecemento de Bélxica, xamais resolverá os problemas de Belindia. Que ocorre, á inversa, cando se dá prioridade á India?

Para comezar hai que comprender que a dicotomía Bélxica-India non é grauíta. Ela responde a modelos societarios tradicionais impostos desde arriba. Modelos que non atopan adecuada conexión coas bases populares da sociedade. É dicir, proxectos de sociedade deseñados desde o vértice da pirámide social que evidencian pouca profundidade e que nunca lograron estimular o florecemento dunha cultura xurdida desde abaixo. Esta última requiriría, como no caso de todos os países que alcanzaron un verdadeiro desenvolvemento, que na base da pirámide social se dese a presenza de patróns de civismo, de organización social, de autoestima cidadá, de sentido participativo, de desenvolvemento comunitario e cooperativo, de desenvolvemento da pequena e a mediana empresa.

O porqué deste divorcio societario en América Latina ten a súa explicación. Desde o inicio da historia independente, dúas correntes de pensamento tenderon a brindarlle resposta á nosa procura de identidade nacional. A primeira delas, orixinada en Venezuela, insistiu en buscar a especificidade da nosa condición de iberoamericanos, perseguía atopar respostas propias a problemas propios. A segunda identificou as solucións coa absorción de claves culturais e modelos importados de Europa ou Estados Unidos.

Dentro da primeira de ditas matrices de pensamento atopamos a Simón Bolívar, Simón Rodríguez, José Martí, Rodó ou Vasconcelos. O pensamento e a acción de Bolívar salientan unha constitucionalidade política e social fáctica, asentada nas nosas propias realidades e raíces. Salienta, á vez, a esixencia da orixinalidade na acción ante a especificidade dun pobo que non é europeo, indíxena ou africano, senón unha fusión desas diversas vertentes. Na segunda, sobresaírían figuras como Santander, Sarmiento, Alberdi ou, en xeral, os positivistas da segunda metade do

(5) Prólogo da obra de TORO HARDY, Alfredo: *¿Tiene Futuro América Latina?*, Bogotá, Villegas Editores, 2004, páxina 17.

devandito século XIX e de comezos do XX. Para estes últimos os patróns políticos e culturais europeos e, en particular os provenientes do mundo anglosaxón, representan a alternativa natural para elevarnos de nosa “barbarie”, das nosas limitacións como pobo.

De máis está dicir que a dicotomía evidenciada polas sociedades latinoamericanas correspóndese co éxito evidenciado pola segunda destas dúas correntes. Ela leva a unha división entre sociedade de elites e pobo, na que a primeira mira sempre a Miami, Washington, Nova Iorque ou París e nunca cara os elementos ou as expresións populares da súa propia nación. Aínda hoxe os cultores latinoamericanos da economía de mercado anglosaxona responden, quizais sen sabelo, a esta segunda vertente de pensamento. Ao adoptarse o receitario do Consenso de Washington volveuse a unha fórmula importada que, como é tradicional, buscaba irradiarse desde arriba para baixo.

O característico da actual hora iberoamericana é a reivindicación por parte de diversos gobernos da rexión da corrente iniciada por Bolívar. Isto é, atopar respostas propias a problemas propios, asumindo para iso o reto da orixinalidade. Iso traducíuse en invertir os termos da matriz neoliberal. Para aquela, como sinalabamos, o goteo que derivaba do crecemento económico ocupárase de encher a piscina social. Para esta, no entanto, a prioridade posta en encher a tal piscina conducirá á creación de cidadanía e á conformación dun cidadán máis san, educado e produtivo. Para esta, a nosa especificidade como pobo comeza por recoñecer o pobo mesmo.

Saúde, educación, espírito participativo, desenvolvemento cooperativo, autoestima, capacidade organizativa, civismo, apoio ao pequeno empresario: velaquí algúns dos elementos cos que se busca encher a piscina. No fondo, do que se fala é dese compoñente que o Banco Mundial considera como imprescindible para o desenvolvemento: o capital intanxible. É dicir, capital humano máis capital social. É o florecemento desde abaixo sen o que non pode haber sociedades estruturadas ou crecemento sustentable.

O gasto social en Venezuela é adecuada expresión desta nova Iberoamérica. Algunhas poucas cifras poden sustentar o referido. Durante o período 1999-2006, a escolarización infantil en idade preescolar aumentou en 14,3%, a educación primaria en 9,1% e a educación media en 11,7%. A poboación universitaria, durante ese mesmo período, multiplicouse por 2,5, pasando de 676.000 estudantes a 1.796.500 estudantes. En 2005 o país foi declarado pola UNESCO como libre de analfabetismo, logo que un millón e medio de persoas foron ensinadas a ler e a escribir en dous anos. A porcentaxe de fogares en situación de pobreza en 1998 era de 50% mentres que para o 2007 era de 30%. A porcentaxe de fogares en situación de pobreza extrema era de 20% en 1998 e de 9% en 2007⁽⁶⁾. E así sucesivamente.

O curioso deste proceso é que, de modo diferente ao que acontece coa matriz neoliberal, o desenvolvemento social trouxo consigo crecemento económico. Ao dis-

(6) *República Bolivariana de Venezuela en Cifras*, Instituto Nacional de Estadística, número 4, ano 2007.

tribuír mellor a riqueza aumentouse o salario mínimo en 400% e o consumo privado en 20,4%, en só 8 anos. Como resultado, ampliouse de xeito significativo a base de consumo e dinamizouse fortemente a economía. Como resultado, Venezuela veu crecendo a unha taxa media superior ao 10% durante os últimos 18 trimestres consecutivos, tendo aumentado o seu Produto Interno Bruto de 99.000 millóns de dólares en 1999 a 227.000 millóns en 2007. É dicir, máis do duplo en só 8 anos⁽⁷⁾.

O significado diso é elocuente. Ao irse enchendo a piscina social baleira, créanse as condicións para o crecemento económico. Cousa que, como vimos, non ocorre á inversa.

Este crecemento de abaixo cara arriba estrutura a sociedade, na medida en que vai facendo máis denso o tecido social da nación. O crecemento en sentido contrario, pode chegar a facer prosperar as versións locais de Wall Street ou Madison Avenue, pero xamais logrará superar o divorcio cos sectores desfavorecidos da sociedade. Xamais logrará integrar a sociedade.

En definitiva, só o crecemento da India é capaz de superar a fenda con Bélxica. Venezuela aposta fortemente esta noción, convencida de que a construción dun país non pode nunca cifrarse no desenvolvemento duns cantos nichos ou enxames produtivos ou no simple enriquecemento das súas elites.

Para construír nacións en América Latina é necesario, primeiro de nada, pór fin a Belindia.

Alfredo Toro Hardy é académico e diplomático venezolano, autor de dezaseis libros en relacións internacionais. Actual embaixador da República Bolivariana de Venezuela en Madrid, foi anteriormente embaixador en Washington, Londres, Brasilia, Santiago de Chile e Dublín.

(7) *Sabemos Hacer las Cosas Bien*, Gobierno Bolivariano de Venezuela, 2008.